

IDE E PREDICADE O EVANXEO A TODOS OS POBOS.



Son eu, non teñades medo
(Mc 6,50).

Caderno para os sacerdotes participantes

FORMACIÓN PERMANENTE 2022-23

Indroducción

Nos comezos do novo curso pastoral seguimos a tomar conciencia de que todos nós estamos en formación e tamén de que a formación é un elemento fundamental do ministerio presbiteral que se nos confiou mediante a ordenación.

Estamos en formación sempre e permanentemente ata chegarmos a ter a forma de Cristo ou, dito doutro xeito, ata que permitamos que Xesús Cristo se forme en nós.

A programación pastoral deste curso 2022-23 é unha forte chamada e tamén unha provocación á fe e á nosa condición de discípulos e testemuñas de Xesús Cristo. O itinerario de Formación Permanente deste curso vai ter no lema da programación diocesna a súa referencia fundametal e a súa fonte de inspiración: *Son eu, non teñades medo* (Mc 6,50; Xn 6,20).

Esta palabra de ánimo e confianza pronúnciaa Xesús ante os seus discípulos que tentan atravesar o mar de Galilea durante a noite despois da multiplicación dos pans. Os apóstolos están nunha situación crítica loitando nas tebras contra o mar bravo que ameaza as súas vidas e parece que todo se vai ir a pique. No medio da escuridade e da treboada aparece Xesús invitando á fe e á confianza nunha situación límite: *son eu, non teñades medo*.

Quizais a nosa misión hoxe nesta sociedade e na nosa Igrexa local de Ourense teña moito en común co que viviron os apóstolos na súa aprendizaxe de discípulos con Xesús, o seu Mestre, para poderen logo realizar a misión para a que foron chamados.

Esta travesía polo mar de Galilea no medio da tormenta e da noite e a presenza de Xesús que interpela e invita á fe, ten un marcado acento pascual cuxas raíces atopamos xa no éxodo do pobo de Israel. A misión evanxelizadora na nosa Igrexa ten hoxe un marco moi semellante aos comezos da predicación dos apóstolos e ao camiñar das primeiras comunidades cristiás. O relato no que o Señor alimenta a multitude famenta, a quen en primeiro lugar lle anuncia o Evanxeo do Reino, reclama a conversión e a fe. Isto mesmo é o gran traballo que nós temos que realizar na acción pastoral que temos que emprender nos lugares aos que fomos enviados.

Esta mesma referencia ao éxodo evocámola frecuentemente citando estas palabras do Papa Francisco: *Igrexa en saída*. O anuncio do Evanxeo que Xesús nos confiou leva tamén estas marcas de éxodo, de ir ao encontro de todas as xentes.

Hoxe tanto nas dioceses coma nos presbiterios temos a sensación de que non sabemos que ou como facer. Como anunciar o Evanxeo hoxe a unha xente autosuficiente, marcada por a indiferenza relixiosa, para quen Deus é un extraño e cuxo nome xa non se pronuncia?

Contemplando a vida das nosas parroquias e os centros de interese das nosas xentes somos conscientes que temos que ir moito máis alá dunha pastoral de manter o que hai, pois iso é achegarnos de forma acelerada á agonía ou a defunción da vida cristiá en moitos lugares, aínda que pervivan algunhas prácticas e tradicións de relixiosidade, pero que poden estar lonxe de ser discípulos de Xesús Cristo.

A nosa diocese é unha Igrexa antiga, con moitos séculos de existencia, pero non é ocioso preguntarnos se ten realmente un humus evanxélico, se a gran parte das parroquias son verdadeiras comunidades cristiás ou simplemente demarcacións territoriais. Todos somos conscientes da necesidade de afrontar sen medo unha transformación radical que non ven prefabricada, senón que todos temos que xerar e facer xurdir.

A programación diocesana de pastoral marca esta prioridade e esta necesidade nos obexctivos que propón acadar no presente curso e no que os axentes de pastoral temos que investir o noso traballo e a nosa dedicación:

- “Promover espazos comunitarios que axuden a reavivar a nosa fe de xeito que cheguemos a ser verdadeiras testemuñas de Xesús Cristo”.
- Diseñar itinerarios de acompañamento para que as familias asuman a súa misión de Igrexa doméstica e a transmisión da fe”.

Neste contexto a Formación Permanente é unha ferramenta fundamental, pois non se reduce a tratar uns temas que nos leven a unha certa renovación teolóxica, senón que ten coma eixo central a configuración con Xesús Cristo o Bo Pastor, o servo sufrinte, o fillo obediente e o año inocente.

O itinerario apostólico de Xesús, o Bo Pastor, vai ser a referencia fundamental no noso itinerario de Formación Permanente. Esta formación é a que nos renova e nos confirma na gran misión e no gran reto de anunciar o Evanxeo hoxe, neste mundo desconcertante por tantos cambios e nesta Igrexa, fráxil e temerosa, pero chamada a ser sal e a ser luz.

A partir da pasaxe que conclúe o relato no que Xesús alimenta a multitude (*Ánimo! Son eu, no teñades medo*) somos chamados a refacer o itinerario pastoral de Xesús procurando seguir os seus mesmos pasos para servir *o pan que non se acaba e que dura deica a vida eterna* (Xn 6,27). Todo o capítulo seis de Marcos vai inspirar, iluminar e guiar o noso programa e o noso itinerario de Formación Permanente neste curso pastoral 2022-2023.

1 Xesús, un predicador itinerante

2 A Compañía e a caridade pastoral

3 Enviados a predicar e compartir a misión itinerante

4 Andar por o mar e a escuridade da fe

5 A oración e a Eucaristía.

A Formación Permanente pide unha forte implicación. Nesta proposta de traballo non hai profesores e alumnos. Non abonda con ir e escoitar o que di o responsable de animar o grupo. O verdadeiro responsable da Formación Permanente somos cada un de nós. No itinerario da Formación Permanente se non se provoca unha implicación persoal do suxeito, córrese o risco de crear unha cultura que non serve para a vida. Cada quen debe aprender a estar vixiante e atento para deixarse formar por todo o que acontece na realidade na que está inserto, que despois se comparte e se debe discernir no grupo arceprelato ou similar.

O método que imos seguir reclama especialmente un traballo persoal durante o mes que se fai na vida de cada día: o trato e a relación coa nosa xente, oración e vida de fe, lectura da Escritura, a vida apostólica, lecturas de teoloxía e pastoral...

O programa consta dun caderno para o animador e outro máis pequeno para cada participante.

O caderno do participante contén un esquema do tema, unhas pistas para a reflexión e o discernimento espiritual e pastoral a partir dalgunhas cuestións, de textos da Escritura e do Maxisterio.

Unha pequena bibliografía.

Concilio Vaticano II, *Presbyterorum Ordinis*.

Pablo VI, *Evangelii Nuntiandi*

Juan Pablo II, *Pastores Dabo Vobis*

Francisco, *Evangelii Gaudium*

Congregación para el Clero, *La conversión pastoral de la Comunidad Parroquial*, en BAC-documentos 78.

A CORDOVILLA, *Como el Padre me envió, así os envío yo*, Salamanca (2019).

G. AUGUSTIN (Ed.), *El desafío de la Nueva Evangelización* (Santander) 2012

G. AUGUSTIN (Ed.), *Testigos de la fe*, Santander (2013).

A. CENCINI, *Fraternidad en camino*, Santander (2000).

A. CENCINI, *La Formación Permanente*, Madrid (2003).

A. CENCINI, *¿Creemos de verdad en la Formación Permanente?*, Santander (2013).

A. CORDOVILLA, *Crisis de Dios y crisis de fe*, Santander (2012).

A. BRAVO, *Eucaristía y sacerdocio*, Salamanca (2004).

Encontro 1º

XESÚS, UN PREDICADOR ITINERANTE

Introducción

Unha gran parte dos presbíteros da nosa diocese realizan o seu ministerio nun contexto que esixe unha gran mobilidade. No medio rural cada sacerdote vai vendo como se lle acumula un crecente número de parroquias. O tempo actual e os medios dos que dispomos facilita moito a mobilidade e os desprazamentos rápidos a diferentes lugares. Isto pode inducirnos a pensar que estamos a realizar un ministerio moi semellante ao de Xesús e ao dos apóstolos e misioneiros, marcado pola itinerancia.

Sen ammbargo, non é o mesmo mobilidade fácil que itinerancia. A itinerancia implica unha certa permanencia, entrar en diálogo e comunicación. A mobilidade é unha estancia relampo, un “hola e ata logo”, coma unha visita de médico.

1 Xesús, o predicador itinerante

Xesús aparece coma un Mestre itinerante, percorrendo as aldeas e vilas de Galilea, anunciando a fe e a conversión (Mc 1,14-15).

Mateo sitúa os comezos da misión de Xesús no territorio de Zebulón e Naftalí, na Galilea dos xentís, en terras de misión. Este evanxeo presenta a Xesús iniciando unha pastoral misioneira, saíndo ao encontro dos que están lonxe, dos que non coñecen a Deus.

O Espírito Santo encamiña a Xesús cara o deserto (Mt 4,1). O deserto revela que a misión evanxelizadora é un camiño que ten as marcas e os signos de identidade do Exodo. A nosa misión hoxe pasa por atravesar o deserto da secularización, da indiferenza relixiosa e dun entorno cultural e social endeusado e pechado nun estilo de vida autista e autosuficiente, no que a apertura á fe resulta tamén dificultosa.

Para nós presbíteros, a maioría ao cuidado pastoral de moitas aldeas, o plan pastoral seguido por Xesús é unha invitación a seguir este modelo de pastor e a facernos presentes dunha forma estable e continuada nas parroquias minúsculas das nosas aldeas e pobos. El non espera a que veña a xente, senón que toma a iniciativa de saír ao encontro (Mc 1,36-38).

2 O diálogo da fe

Na súa misión evanxelizadora Xesús busca establecer cos seus oíntes ou interlocutores o diálogo da fe de xeito que despois dun certo proceso se poida producir o acto ou a confesión de fe. Para que a fe poida a xerarse é preciso o diálogo do predicador ou do catequista cos que están escoitando o anuncio. Non abonda con que fale só o predicador ao grupo en xeral. É preciso establecer un diálogo no que as persoas se vaian implicando de xeito que se sintan concernidas, interpeladas e provocadas para dar unha resposta ou facer unha opción.

Esta pedagogía de Xesús aparece ben reflectida de forma especial nalgúns relatos do IV evanxeo. O encontro con Nicodemos, coa samaritana, coa multitude de Cafarnaún, co cego de nacemento e con Marta e Maria son francamente reveladores

que mostran o proceso traballoso que hai que seguir para poder confesar a fe en Xesús Cristo. Xesús móstranos que non se evanxelize a distancia e posiblemente tampouco vía online. El vai ao encontro da xente. Entra en relación e diálogo pouco e pouco seguindo un proceso ascendente que no mellor dos casos chega á explícita confesión da fe.

Non pensemos que a predicación de Xesús tivo un grande éxito. As resistencias á fe están moi arraigadas e Xesús mesmo faise eco de que unha gran parte dos seus contemporáneos teñen dura a cabeza e o corazón. Nos anos de ministerio pastoral quizais nós pasamos por situacións parellas ás que viviu Xesús na sinagoga de Cafarnaún, onde a maioría da xente atopou duras e esixentes as súas palabras e deixouno só; sen embargo o Señor non presentou unha mensaxe máis doce ou rebaixada para conservar a clientela. Esta pode ser unha tentación para nós (Xn 6,66-69).

A misión evanxelizadora que incian os apóstolos despois da Pascua ten esta mesma pretensión. Eles saen ao encontro da xente e procuran entrar en diálogo e deste xeito fan a proposta da fe. O mesmo estilo atopamos en Paulo tanto cando predica nas sinagogas dos xudeus coma cando o fai entre os xentís (Feit 17,32-34). O obxectivo non é facer medrar o número ou ter influencia, senón establecer o diálogo da fe de xeito que a nosa acción apostólica leve a persoas e grupos á conversión, á fe en Xesús Cristo e á formación de pequenas comunidades cristiás.

3 De parroquia en parroquia

A misión evanxelizadora está marcada por a experiencia do éxodo e por unha forma de vida itinerante. Xesús envía os seus

discípulos nestas mesmas condicións (Lc 10,1). A gran maioría dos membros do noso presbiterio diocesano ten confiadas un gran número de parroquias con tendencia a ir acumulando máis.

Esta nova conxuntura está a ser un gran desafío para a nosa Igrexa diocesana e para o modo de exercer a misión pastoral. Todos somos conscientes de que o modelo antigo é inviable e xa non nos serve. O viño novo ten que ser botado en odres novos (Lc 5,37-38).

A maioría dos curas da nosa diocese andamos, especialmente na fin de semana, facendo rally polas parroquias para celebrar a misa. Misa e enterros son os espazos fundamentais da acción pastoral. A gran maioría dos bautizados están sen evanxelizarse. Moitos teñen unha certa sensibilidade relixiosa, pero non tocante á fe, ao seguimento de Cristo hai moita ignorancia e confusión. O sentido de pertenza á Igrexa é moi débil e pouco convincente.

TRABALLO PERSOAL E DE GRUPO

Mirando a nosa realidade

- *Como está a ser a presenza dos pastores nas parroquias e nas aldeas que permita coñecer a realidade que vive a xente e anunciar realmente o Evanxeo que forme seguidores de Xesús? (Momentos, frecuencia, celebracións, novas iniciativas...).*
- *Fomos chamados para ser pastores do noso pobo segundo o modelo do Bo Pastor. Como procuramos e establecemos o diálogo da fe que rompa a rutina dunha relixiosidade abstracta, ritualista e mesmo temerosa?*

- *Que tipo de estrutura e de comunidades temos que deseñar e propor na diocese neste momento crucial que Deus nos dá como tempo de graza?*

Discernimento evanxélico

Luces que encontramos en Xesús Cristo e na Igrexa para realizar esta misión tan marcada por unha presenza itinerante.

- Contemplando os comezos da misión de Xesús en Galilea e tamén o ministerio de Paulo, *como estamos nós realizando unha pastoral en itinerancia que permita transmitir o Evanxeo e faga forte a vida de fe?* Mc 1,29-39; 6,1-6; Mt 10,7-8; Feit 13,4-7.15-15).
- Coma discípulos e apóstolos que reciben a misión mesma de Xesús, o prioritario da nosa misión é o anuncio do Evanxeo que leve ao diálogo da fe. *Como coidamos e priorizamos na nosa pastoral o coidado da fe e o anuncio da Boa Nova á nosa xente? Que luces e tamén que sombras vemos na nosa misión?* Xn 4,19-26; 9,35-39).
- Como Xesús ía de aldea en aldea, nós tamén andamos de parroquia en parroquia. *A configuración con Cristo que camiños de presenza e de acompañamento nos marca para propór e coidar a fe?* Lc 10,1; 14,15-24; 5,37-38).

Liñas de acción e chamadas á conversión

O anuncio do Evanxeo e a educación na fe demandan presenza e proximidade que pode quedar en segundo plano polas múltiples ocupacións dos responsables da pastoral.

- Que propostas pastorais é preciso realizar que garantan unha presenza do sacerdote de xeito que se encontre cos cristiáns e os convoque máis alá de misas e funerais?
- Como nas UaPs e nos arciprestados podemos promover algunhas iniciativas que sexan de verdade acoller a Boa Nova de Xesús nas que se poida albiscar unha experiencia de fe e de encontro con Xesús Cristo?
- Que reformas ou que cambios hai que introducir xa na estrutura da diocese para poder responder aos grandes retos deste tempo cunha mirada de futuro e que non sexan pequenos parches pra tapar buratos?

EG 115-121; 169-175.

A Cordovilla, *Como el Padre me envió, así os envió yo*, p. 177-189.

Congregación para o Clero, *La conversión pastoral...* 34-41.



Encntro 2º

A COMPAIXÓN E A CARIDADE PASTORAL

Xesús Cristo sae ao encontro da xente, mergúllase na súa vida, nos seus problemas, mostrando a súa solicitude especialmente polas multitudes do pobo pobre e humilde.

Nós, os presbíteros da Igrexa local de Ourense, fomos eleitos para realizar a misión evanxelizadora en itinerancia e botar raíces de fondura e permanencia no medio da xente do noso pobo con quen recibimos o encargo de facer camiño (Mc 2,1-5).

1 A mirada de Xesús

Xesús non vai á présa nin a súa ollada é superficial, senón que mira a realidade con calma e profundidade. A súa ollada non é unha simple observación ou unha fría información, senón unha mirada que ten a capacidade de crear relación, encontro persoal e que compromete a súa vida.

A mirada de Xesús é creadora, portadora de vida onde parece que todo estaba perdido. Xesús viu no pecador Leví madeira dun verdadeiro discípulo, que El escolleu para formar parte do grupo dos apóstolos que ían a continuar a misión que o Pai lle encomendou a El (Mc 2,14). É unha mirada de complexidade e de compromiso, de fonda implicación (Mt 9,36). Esta ollada de Xesús é a mesma do Bo Samaritano, pero non do levita e do sacerdote, que ven e torcen a cara.

Como é a nosa mirada de pastores sobre todo o que rodea a vida da nosa xente? Podemos preguntarnos se nós nos paramos a mirar e tamén que é o que nós vemos e descubrimos.

2 O bo pastor é compasivo e misericordioso

Este título é un dos que máis se utiliza no Antigo Testamento para achegarnos ao misterio do amor e da gratuidade de Deus. Xesús Cristo o bo pastor reflicte con toda nitidez a compaixón e a misericordia de Deus. A parábola do pai misericordioso (do fillo pródigo) mostra con toda claridade os trazos do amor e da tenrura de Deus cos pecadores e cos últimos, que Xesús incorporou e realizou nos encontros cos pobres e cos pecadores (Lc 15,11-32).

Nalgunhas accións de Xesús a súa mirada profunda vai acompañada da compaixón e da misericordia. Xesús ve a multitude extraviada, coma ovellas que non teñen pastor e tivo unha fonda compaixón. Esta compaixón caracteriza a misión evangelizadora de Xesús Cristo. As parábolas do Bo samaritano e da ovella perdida son un bon retrato do mesmo Xesús. El é realmente o bo samaritano e o pastor que busca a ovella extraviada (Lc 15,4-6; Mt 18,14).

A compaixón e a misericordia han de inspirar e nutrir a vida apostólica do presbítero discípulo de Xesús Cristo. O verdadeiro pastor ten dó e compaixón do seu rabaño, das súas parroquias cada vez máis precarias, abandonadas e desprotexidas en todos os campos: familiar, social, cultural, administrativo e tamén eclesial e relixioso (Xn 10,11-15).

3 A caridade Pastoral

A caridade pastoral é un eixo fundamental da Formación Permanente que sustenta a vida do presbítero. O concilio Vati-

cano II considera a caridade pastoral como o principio unificador da vida do sacerdote (PO 14).

A caridade pastoral do presbítero ten a súa fonte e a súa inspiración na caridade pastoral de Xesús Cristo, o Bo Pastor. A vida de Xesús Cristo como a vida do presbítero está configurada pola proexistencia (Mc 10,45).

San Paulo seguiu fielmente a Xesús no exercicio da caridade pastoral que alimentou a súa paixón por a evanxelización e por formar e soste verdadeiras comunidades cristiás (2 Cor 12,14-15).

A unión e comunión con Cristo, facéndonos coma El alimento para o noso pobo, crea lazos de fraternidade e comunión dun xeito especial cos irmáns do presbiterio, con quen nos une o único ministerio de Xesús Cristo do que todos participamos. El impúlsanos a realizar unha pastoral misioneira que cree verdadeiras comunidades fraternas. A Caridade Pastoral é sen dúbida o nervio que sustenta e dá vida ao presbítero no exercicio do ministerio e da misión. Podemos dicir que unifica no mesmo amor oración e misión, Xesús Cristo e o pobo de Deus.

TRABALLO PERSOAL E EN GRUPO

Mirando a nosa realidade

- A mirada de Xesús, o Bo Pastor, non é superficial, senón profunda. *Como é miña mirada de pastor sobre as persoas dos pobos e vilas, sobre os eus problemas e necesidades, sobre a súa forma de vivir a fe ou de non coidala? Miro con calma procurando ver no interior e no escondido?*

- A compaixón non é sentir lástima, senón compardtir o sufrimento e actuar para transformalo. *Como vivo eu no ministerio parroquial esta actitude tan fundamental de Xesús e como estou en comunión cos problemas que está a ter e afrontar a xente?*
- Como vivo e cultivo a caridade pastoral? Quizais precise afondar neste componente tan importante de quen é pastor da Igrexa. Teño en conta este elemento fundamental da Formación Permanente?

Discernimento evanxélico

- *Qué luces encontro na forma de mirar de Xesús que é necesario que eu poida incorporar á mirada pastoral sobre as persoas e lugares aos que fun enviado? Mt 9,36; Mc 2,1-5.14; Lc 7,36-52.*
- En Xesús Cristo, o Bo Pastor, a compaixón e a misericordia teñen un brillo moi intenso, pois non só conecta cos sufrimentos da xente, senón que se compromete para superalos. *Como se manifesta e se reflicte en nós a compaixón de Xesús a través do noso ministerio apostólico? Mc 6,34; 10,47-48; 5,19; 9,22; Mt 9,36; 15,32).*
- A nosa vida coma a de Xesús, non é para nós mesmos, senón que vivimos para os demais. A caridade pastoral é o amor e a entrega incondicional e gratuita ao servizo do pobo de Deus, participando do mesmo amor de Xesús Cristo. *Como o celibato e a celebración eucarística están alimentando a caridade pastoral e a doazón da nosa vida ao servizo da nosa xente? Mc 10,45; Xn 10; 2 Cor 5,15-15; PO 14; PDV 23.*

Liñas de acción e chamadas á conversión

- As situacións de desamparo, de soidade, e de precariedade que vive unha gran parte da nosa xente como interpe-lan a nosa presenza e a nosa acción pastoral coa xente dos nosos pobos e dos nosos bairros? Que accións ou cambios nos están demanando?
- A comunidade, as parroquias teñen que implicarse na atención e no acompañamento de tantas persoas maiores, illadas e soas. Que accións, que programas e que respos-tas temos que promover ao nivel comunitario?
- Como estamos unindo na nosa vida e no ministerio a ca-ridade pastoral, a eucaristía e o celibato? Que debemos procurar para que o celibato sexa fonte de alegría e de fe-cundidade a través da comunión con Cristo na eucaristía e no amor e entrega ás xentes que nos foron confiadas?

A Cordovilla, *Como el Padre me envió así os envió yo*, p.229-240.
PDV 23; PO 14



Encontro 3º

ENVIADOS DE DOUS EN DOUS

O capítulo seis de Marcos é o da misión dos apóstolos. O que antecede e o que ven despois son posiblemente situacións, desafíos, opcións coas que dun xeito ou doutro nos imos atopar na vida pastoral todos e cada un de nós como lle aconteceu a Xesús e aos apóstolos.

Despois da primeira misión Xesús busca espazos para compartir, discernir e revisar xuntos a misión realizada. As distintas perícopas deste capítulo de Marcos mostran tamén situacións parellas por as que estamos a pasar hoxe e son unha luz para nós.

1 O ministerio de ensinar: a catequese

Xesús dálle prioridade ao ministerio de ensinar e de instruír. Ten unha presenza itinerante percorrendo pobos e aldeas e saíndo ao encontro da xente, acudindo aos lugares onde se escoita a Palabra: as sinagogas (Mc 6,1-6; Lc 4,14-30).

A misión de ensinar é fundamental e prioritaria na misión de Xesús e dos apóstolos. Non se trata dunha actividade académica ou escolar, senón que busca establecer unha relación persoal, facer discípulos que seguen o seu Mestre identificándose con El en todo.

A misión pastoral nas nosas parroquias e unidades pastorais ten que ter como centro e como obxectivo formar cristiáns, facer discípulos de Xesús Cristo. Este é o camiño que hai que percor-

rer para chegar a formar verdadeiras comunidades e construír unha Igrexa de pedras vivas.

2 Enviounos de dous en dous

A Evanxelización non é unha tarefa individual, senón comunitaria, pois é a comunidade quen evanxelize. Toda a Igrexa é evanxelizadora e a Igrexa existe para evanxelize (EN 14). Os evanxelistas concordan en que a misión que Xesús lle encomenda aos seus seguidores é comunitaria e subliña esa dimensión en todos os discursos de misión.

A nosa diocese precisa abrir camiños para facer abrollar ou reverdecer esta dimensión comunitaria da evanxelización e de toda a acción pastoral. Dous son os campos especiais a coidar: as UAPS e as parroquias, e a dinamización dos arciprestados, de xeito que o que está escrito nos papeis criatalice nunha verdadeira realización. Sen vida comunitaria e sen comunidades non poden nacer vocacións ao ministerio ou á vida consagrada. Velaquí un gran desafío.

3 O Anuncio do Reino de Deus

Nos relatos de misión Xesús indícalle aos apóstolos unha prioridade, que é o anuncio do Evanxeo do Reino de Deus (Mt 10,7; Lc 10,8-11). Os outros elementos da evanxelización son o froito deste primeiro anuncio que é un acontecemento.

Podemos revisar como a predicación do Evanxeo está a ser o eixo principal e o corazón do noso ministerio, é dicir, o traballo principal que temos que coidar e privilexiar.

Nun contexto de secularización, de indiferenza e ignorancia relixiosa hai que primar o ministerio da palabra, o anuncio do Evanxeo, a formación de discípulos.

TRABALLO PERSOAL E DE GRUPO

Mirando a nosa realidade

- O ministerio de ensinar, a catequese, a lectura de Palabra de Deus *que peso e que influencia teñen na vida das nosas parroquias e tamén na vida dos cristiáns? Que retos e dificultades atopamos?*
- *Nas parroquias, nos arciprestados, e mesmo na diocese como se esta xestionando e promovendo a formación de verdadeiros seguidores de Xesús Cristo, de catequistas, de persoas que cheguen a ser animadores e responsables de comunidades parroquiais?*
- Temos o gran reto de que a predicación non sexa algo extraño ou alleo ao que vive e lle preocupa á nosa xente: *Que di ou que pensa a nosa xente sobre as nosas predicacións?*

Discernimento evanxélico

- *Á luz do ministerio de ensinar de Xesús, que luces e que camiños de Xesús vemos que hai que percorrer no exercicio do ministerio da Palabra, da catequese e da formación de discípulos?* Mc 6,1-6; Lc 4,14-30; Mt 28,19-20; Gal 4,19.
- Xesús formou os apóstolos en comunidades e tamén os enviou do mesmo xeito. *Á luz da acción e da praxe de Xesús como ten que ser o exercicio do ministerio e da acción pastoral*

dos presbíteros hoxe na nosa diocese? Mc 3,14; 6,7; Feit 13,2-3; Gal 2,1-2; PO 7.

- Xesús veu ao mundo a anunciar a Boa Nova do Reino. *Como enviados de Cristo o anuncio do Reino está a ser o centro e o corazón de noso traballo apostólico? Como este anuncio interpela a nosa acción pastoral?* Lc 10,8-11; 1 Cor 1,17; 9,15-18.

Liñas de acción e chamadas á conversión

- Dada a situación da formación dos leigos e tamén da catequese, *que vemos que hai que promover e impulsar nos arceiprestados, nas UAPS ou nas parroquias para facer efectivas algunhas propostas da programación diocesana sobre este tema da formación e da catequese?*
- Os arciprestados precisan quizais profundar na acción conxunta dos axentes de pastoral para unha verdadeira misión evanxelizadora. *Que primeiros pasos temos que comezar a dar para ir medrando nesta acción conxunta?*
- A maior parte dos nosos cristiáns descoñecen o Evanxeo, *que iniciativas ou suxestións nos parecen necesarias para presentar o Evanxeo para alimento da fe dos que se confesan cristiáns?*

G Augustin (ed), *Testigos de la fe*, p. 54-57.

G Augustin (ed), *Los desafíos de la Nueva Evangelización*, p. 52-86.

A Cordovilla, *Como el Padre...* p. 195-210.

EN 11-15.

Congregación para el clero, *La conversión pastoral de la comunidad parroquial*, BAC-documentos 78, N^o 17-23.

Encontro 4º

ANDANDO POLO MAR

A profunda riqueza do capítulo sexto de Marcos conclúe con Xesús camiñando sobre o mar. Abrir camiños polo mar parece un imposible e evoca o paso do Mar Roxo e a travesía embarcándose no combate da verdadeira liberación.

1 O simbolismo do mar

Na revelación bíblica o mar é un elemento recorrente con un simbolismo moi rico e diverso.

O mar encerra un misterio. É o lugar onde residen as forzas ocultas que escapan ao control dos humanos. O mar neste mesmo senso evoca a creación como o paso do caos á plenitude, da escravitude á liberdade. Andar polo mar quere dicir pisar e vencer as forzas do mal que aterrorizan a tantos pobos e a tantas xentes para facer nacer un novo mundo.

O mar ten un marcado simbolismo pascual. Xesús andando polo mar na escuridade da noite reflicte o misterio da súa pascua, o señorío e a victoria sobre as forzas do mal e o alumemento dunha vida nova e plena pola resurrección.

2 Navegar no medio da crise

O paso polo mar fai presente non só as dificultades e os traballos, senón tamén as crises que aparecen na vida de toda persoa e tamén na vida do presbítero.

O pobo de Israel entra en crise na beira do Mar Roxo cando se achega o Faraón co seu exército (Ex 14,10-18). Sorprende de-

cubrir a pouca fe do grupo dos Doce desconcertados pola grave crise que xurdiu da decisión de Xesús de ir a Xerusalén e de pasar polo escándalo da cruz (Mc 9,31-32).

Os curas pasamos tamén por estas crises que é preciso recoñecer e afrontar. A fe é unha planta delicada que nunca se pode considerar definitivamente plantada e instalada en nós. Precisa moitos coidados e pasa tamén por momentos escuros (Xn 6,60-66). Os escasos resultados na vida pastoral, o deserto eclesial polo que estamos pasando poden tamén facer titubear a fe...

3 Son eu, non teñades medo

Este encontro de Xesús co grupo máis coidado de discípulos no medio do mar é unha aparición e un encontro pascual. Nel resoa a revelación de Iahvé a Moisés como “Son Eu”, é dicir, eu estou sempre convosco (Ex 3,14). A escea final no lago é un anuncio da resurrección, da victoria da vida sobre a morte, da liberación sobre a escravitude e o pecado. Isto acontece no lago e de noite, preto de romper o día.

Quizais o noso momento eclesial sexa semellante ao combate pastoral no medio da noite escura, pero cos ollos postos no día que que xa vai romper e nos ilumina coa luz de Xesús Cristo e coa luz da fe.

A fe e a convicción de que Cristo nos habita e de que fará desaparecer o medo, o escepticismo e a amargura, que moitas veces se respiran nos encontros e nas distintas instancias diocesanas, para asumir con audacia e con entusiasmo a misión do anuncio do Evanxeo (Lc 5,4-5). Pois temos esta convicción de fe

que nos sostén: a presenza do Señor en todo momento (Mt 28,20).

TABALLO PERSOAL E EN GRUPO

Mirando a nosa realidade

- Destaca aqueles trazos do simbolismo do mar que retratan ben o que estamos vivindo hoxe na nosa Igrexa e na sociedade.
- A crise que estamos a vivir é xeneralizada, pero reparando no que nos toca máis de cerca, *como reaccionamos os presbíteros e as nosas xentes ante a deserción e o desarraigo da Igrexa que mostran as xeracións máis novas?*
- *Neste mar revolto no que nos estamos movendo, que lle está aportando a fe realmente aos cristiáns e tamén á sociedade?*

Discernimento evanxélico

- Estamos a bogar nun mar revolto e confuso que toca tamén a situación das nosas parroquias. *Que descubrimos na acción de Xesús nestas situacións de angustia cando parece que todo se vai a pique?* Mt 8,23-27; Mc 6,45-53; Feit 27,24-26.
- A fe móstranos que as probas e as crises non son unha desgraza senón que se poden converter en graza que leva á maduración e ao crecemento. *Como descubrimos isto en Xesús Cristo e tamén nos apóstolos como luz para nós os cren-tes?* Mt 4,1-11; Xn 6,60-68; 2 Tim 1,6-14.

- Ante as dificultades e os momentos escuros Xesús cumpre a promesa de estar sempre presente, *Que me está aportando esta convicción de fe e esta presenza de Deus á miña vida persoal e apostólica?*

Liñas de acción e chamadas á conversión

- Este momento de incertezas, de fortes ameazas e de medo estamos chamados a anunciar alegría do Evanxeo como Boa Nova, como luz e esperanza. Este ha de ser o tono da nosa predicación e das propostas de formación.
- Coidar a nosa condición de Testemuñas de Xesús Cristo que anda polo mar, que fai posible o que parece imposible. Afrontar o reto de anunciar hoxe esta mensaxe.
- Propor e falar abertamente que Deus está connosco, tamén nos momentos de escuridade, de angustia, que non somos orfos cando todo parece que non ten amaño.

G Augustin, *Testigos de Jesucristo*, p. 131-149.

G Augustin, *Los desafíos de la Nueva Evangelización*, p. 137-146.
EG 78-86.

A Cordovilla, *Crisis de Dios y crisis de fe*, p. 25-45.



Encontro 5º

VIDE COMIGO A UN LUGAR A DESCANSAR

A invitación de Xesús de ir xuntos a un lugar retirado e de darnos tempo para compartir, para dialgoar e para descansar permite experimentar a alegría da fe que fai superar todos os medos e nos confirma na misión e na decisión de seguilo ata a fin: *son eu, non teñades medo.*

1 Volveron a reunirse con Xesús

O capítulo seis de Marcos é un bo cadro de referencia para contemplar a misión de Xesús e a dos Apóstolos, na que se encadra tamén a nosa misión como discípulos-misioneiros, promotores de comunidades cristiás.

A visita de Xesús a Nazaret, o envío dos apóstolos a predicar e a curar, a situación difícil das multitudes famentas e como ovelas sen pastor... Todo isto amósanos unha actividade febril que demanda presenza, dedicación e implicación na súa realidade complexa. E por outra banda, está tamén a necesidade de buscar espazos de retiro, de reflexión, de diálogo e discernimento, de facer revisión da acción pastoral e mirar cara o futuro. Neste marco encádrase tamén o noso ministerio, o estilo de vida, de presenza e o traballo pastoral nas nosas parroquias, nas UaPs e nos arcipretados.

Este traballo de novo deseño e renovación ten que facerse en común, de forma sinodal, é dicir, xuntos e en comunión. Por isto as reunións de arciprestado teñen que ser de “obrigada participación” para todos os curas do arciprestado.

2 Xesús retirouse ao monte el só

Os espazos de retiro, de diálogo e de discernimento en grupo lévannos a considerar a importancia de facer o mesmo a nivel persoal. Tamén nós procuramos seguir os pasos de Xesús. O Mestre sempre buscou e privilexiou eses espazos de retiro na montaña, no deserto, na beira do mar, onde el só oraba ao Pai.

Despois de todo o trafego coa multitude que alimentou co signo da multiplicación do pan, Xesús retírase él só ao final da xornada (Mc 6,46; Xn 6,15). Na acción pastoral de Xesús a oración e o diálogo co Pai é o seu primeiro traballo. Sempre busca tempo e nunca pon a escusa de que non hai tempo (Mc 1,35-38).

O noso seguimento de Xesús Cristo lévanos a seguilo tamén na súa oración, a orar segundo o modelo que temos no Mestre. Por isto mesmo a oración persoal e tamén a comunitaria é un espazo moi importante na Formación Permanente dos presbíteros. O valor e a calidade da oración do presbítero mostra o grao da súa configuración e identificación con Xesús Cristo.

A oración do presbítero é tamén oración apostólica. Consiste fundamentalmente en contemplar a humanidade baixo a luz de Deus revelado en Xesús Cristo, e aprender a contemplalo no rostro dos homes.

3 Dádelle vós de comer

O noso programa de Formación Permanente invítanos a considerar neste proceso formativo o ministerio da eucaristía inseparablemente unido ao ministerio da caridade.

Xesús procura o pan de cada día para satisfacer a fame da xente, pero non se contenta co pan material. Fai todo un proceso catequético para que a multitude do pobo descubra que hai outro alimento que é moito máis necesario (Xn 6,27-35). Xesús fai pasar do pan que farta a fame do corpo ao pan eucarístico que é el mesmo e que nos dá en alimento. Por iso a eucaristía e o ministerio da caridade son inseparables.

Como estamos facendo e vivindo este proceso de simbiose e de unión entre a Eucaristía parroquial e a acción de Cáritas nas nosas parroquias: inmigrantes, refuxiados, persoas maiores, parados de longa duración, familias destruídas, persoas con adicións...

A acción caritativa e a celebración da Eucaristía son dúas realidades paralelas ou teñen algúns puntos de encontro?

TRABALLO PERSOAL E DE GRUPO

Mirando a nosa realidade

- *Como valoramos os Exercicios Espirituais, os retiros, as reunións de arciprestado para compartir a fe, para colaborar e revisar as accións pastorais, e para revitalizar o noso ministerio?*
- *Como se está logrando na nosa vida o equilibrio e mutua relación entre a oración, a lectura da Palabra, a formación teolóxica e a vida pastoral?*
- *Que valoración facemos do ministerio da presidencia da Eucaristía e que sensacións está producindo en nós?*

Discernimento evanxélico

- Xesús formou os seus apóstolos na vida comunitaria e dedicou un coidado especial á súa formación. Á luz da acción de Xesús Cristo podemos descubrir aquilo que nos impulsa a coidar e a procurar para vivir con gozo a nosa condición de presbíteros en comunión cos irmáns do presbiterio. Mc 6,30-31; Lc 10,17-24; 2 Tim 1,3-9.
- Xesús Cristo é ante todo un home de oración. A nosa configuración con Cristo *que nos impulsa a coidar e promover para que a oración sexa prioritaria na nosa vida e como estamos a vivir o combate da oración?*
- A misión de Xesús Cristo e a das comunidades apostólica testemuñan a unión inseparable entre eucaristía e caridade cos pobres. Mirando este modelo *como isto se está realizando na nosa realidade e que insistencias e acentos nos invita a coidar.*

Liñas de acción e chamadas á conversión

- Primar os encontros gratuitos e de traballo, de oración e de estudo e de descanso para favorecer un maior coñecemento, colaboración e intercambio na acción pastoral.
- Valorar e animarnos mutuamente á participación nos retiros, nos Exercicios Espirituais e no coidado da vida espiritual de xeito que teña maior incidencia na vida pastoral.

- En Cáritas ir máis alá da distribución de alimentos ou de dar diñeiro aos pobres, buscar a dimensión evanxelizadora e o entronque coa eucaristía.

A CORDOVILLA, *Como el Padre...* p. 249-260

BENEDICTO XVI, *Deus Caritas est* 32-39.

FRANCISCO, EG 197-201.

A BRAVO, *Eucaristía y sacerdocio*, p. 174-185-



Mis notas...

«Ánimo. ¡Soy yo! No tengan miedo» (Mt 14,27)

